



INSTRUCCIÓN PARA INSCRIBIR NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS E NA FGC UNHA SECCIÓN DEPORTIVA DUNHA ASOCIACIÓN INSCRITA NO REXISTRO DE ASOCIACIÓN

A Lei 3/2012, do deporte de Galicia, no Art. 50 prevé a inscrición de seccións deportivas para o caso daquelas [asociacións inscritas no Rexistro de Asociacións](#).

Para a inscrición das seccións deportivas tanto no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia como na FGC, será o seguinte:

1. INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA:

1.1 Acordo de creación dunha sección deportiva que debe axustarse ao disposto no Art. 50 da Lei do Deporte (véxase artigo ao final destas instrucións)

1.2 Modificación dos estatutos inscritos no Rexistro de Asociacións, creando a sección deportiva que se acollerá á Lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

1.3 Inscrición da Sección Deportiva de Caza no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia

Os pasos anteriores foron consultados pola FGC co Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, non obstante aconséllase ás asociacións que estean nestes supostos que ratifiquen co Rexistro a documentación necesaria antes da súa presentación.

2. INSCRICIÓN NA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA:

2.1 Deben remitir á FGC o **impreso 1. Solicitude de Afiliación de Seccións Deportivas**, debidamente cumprimentado e asinado, mediante o que a Sección Deportiva da Asociación de Cazadores XXX se somete á normativa, disciplina e tutela da FGC. **Xunto con esta solicitude deberán aportar a seguinte documentación:**

- Certificado do acordo adoptado na asemblea xeral da entidade, no que se acordou inscribir a Sección Deportiva de Caza na FGC, someténdose á súa normativa, disciplina e tutela.
- Copia compulsada dos Estatutos da Asociación (inscritos no Rexistro de Asociacións) e copia da Resolución de inscrición da Sección Deportiva no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
- Copia compulsada da Resolución ou ficha de inscrición da Xunta Directiva no Rexistro de Entidades Deportivas; e relación da mesma con expresión dos cargos, datos persoais, núm. DNI, enderezo postal, tfno., e mail (para a relación dos directivos prégame utilizar o **impreso 2. Relación Xunta Directiva**)

Nota: En vez de aportar as copias compulsadas, os interesados poderán aportar os documentos orixinais en cuxo caso serían cotexados pola propia federación devolvéndolle os orixinais á entidade unha vez compulsadas as copias.

Lei 3/2012, do deporte de Galicia. Artigo 50. Seccións deportivas.

1. As entidades públicas ou privadas dotadas de personalidade xurídica, con sede ou delegación na Comunidade Autónoma de Galicia e constituídas conforme a súa respectiva normativa, poderán acceder ao Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia cando desenvolvan actividades deportivas de carácter accesorio en relación co seu obxecto principal mediante a creación dunha sección deportiva.
2. A creación dunha sección deportiva requirirá un acordo expreso do órgano de goberno da entidade pública ou privada correspondente, que manifestará a súa intención de crear esta, a súa forma de organización, o réxime de administración e o resto de requisitos previstos na normativa deportiva.
3. O recoñecemento das seccións deportivas creadas conforme dispoñen as alíneas anteriores prodúcese pola inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas.
4. Para a participación en competicións oficiais, as seccións deportivas deben inscribirse na correspondente federación deportiva ou, en caso de non corresponder ao seu ámbito de actividade, estar autorizadas pola Administración autonómica ou pola entidade organizadora delas. Os representantes das seccións deportivas que designen as entidades que creen as seccións poderán participar nas asembleas xerais das federacións correspondentes cos mesmos dereitos e coas mesmas obrigas que os representantes dos clubs.
5. As seccións deportivas terán, para os efectos deportivos, de organización e administración, os mesmos dereitos e deberes ca os clubs deportivos.
6. Os beneficios das seccións deportivas, se os houberse, deberán ser repercutidos na súa actividade deportiva.
7. Os conflitos internos que poidan xurdir no ámbito das seccións deportivas e que non estean previstos no ámbito do réxime disciplinario deportivo teñen natureza puramente asociativa e de ámbito civil, sen prexuízo da posibilidade de sometelos á arbitrase nos termos previstos no título VII desta lei.